


OBRA E AUTOR : *El amor en los tiempos del cólera, de Gabriel García Márquez.*



DE QUE VAI A novela de amor de Gabriel García Márquez, Premio Nobel en 1982, publicada en 1985. É, principalmente, un compendio acerca do amor e as súas múltiples variantes; un estudo sobre o paso do tempo que destrúe e reconstrúe almas e cidades, sobre a memoria e os seus infinitos labirintos.

TÍTULO : destacando a idoneidade do título da obra. Considéraselle, maioritariamente: axeitado e xustificado en relación ó argumento da novela.

ARGUMENTO

: A trama desenvólvese en Centroamérica a principios de século, época na cal, segundo o narrador, os signos do namoro podían ser confundidos cos síntomas da cólera. Nunha cidade caribeña tan perfectamente ambientada como todo o que a rodea, os tres protagonistas, Fermina Daza, Florentino Ariza e o doutor Juvenal Urbino de la Calle, viven as súas vidas dun xeito distinto, marcados por un amor de xuventude que como a mítica serpe uróboros acaba mordéndose a cola e encontrándose a si mesma.

ESTRUTURA

: Ao igual que o río Magdalena, a cuxas beiras se desenvolve a historia, a historia serpea e flúe, rítmica e pausada, e prosa abaixo vai narrando a través dos mais de sesenta anos a vida dos personaxes principais. E pouco a pouco, este escenario e estes personaxes, como unha mestura tropical de plantas e arxilas que a man do autor modela e fantasea, van desembocando nos terreos do mito e a lenda, achegándose a un oscilante e tenue final. Estamos pois ante unha historia lineal, a pesares de que no inicio, a modo de prologo, a historia arrinca nun punto intermedio, inmediatamente anterior ó xiro definitivo na vida das personaxes principais a partires do cal a historia encarará o seu fin.

CONCLUSIÓN

En relación ao desenvolvemento da novela comentouse que, ao principio, resultou un pouco tedioso e, co avance da narración, foi resultando agradable de ler.

Ata aquí todo foi acordo entre as nosas sabias e sabios. Pero a historia das personaxes tropezou cas diferentes visións do concepto de “amor” que as diferentes persoas do noso faladoiro teñen.

Non é sinxelo analizar un amor que, a pesar de ser contrariado, se basea dende unha das partes nun xuramento de amor e fidelidade o suficientemente forte como para conservarse intacto durante toda unha vida. Tal é o caso de Florentino Ariza.

Ante esta análise xurdirón no debate dúas opcións: unha sería non considerar a obra unha historia de amor xa que non hai amor entre os personaxes senón unha obsesión por parte de Florentino Ariza cara a Fermina Daza. Non obstante, deféndese a existencia de amor na



novela, presentado en todas as súas formas a través das diferentes relacións que se establecen ó longo da historia. A outra opción sería a defensa dunha historia de amor entre estes dous personaxes, achacando ó personaxe masculino o valor positivo da perseveranza para conseguir que ese amor acabe realizándose.

Tampouco houbo acordo arredor das personaxes principais, pois un lado da bancada considerou que Florentino é o personaxe principal ou protagonista, que exerce de fío condutor a través do cal o escritor nos fala das múltiples formas en que o amor pode ser entendido, mentres que polo outro lado se defendeu a importancia dos tres personaxes como principais, entendendo que as tres historias están dun xeito ou outro entrelazadas, formando un núcleo e considerando todo o que acontece arredor destas tres personaxes como secundario.

Pero houbo moitos puntos de acordo, pois o que é innegable é a capacidade narrativa de Gabriel Garcia Marquez, e o seu xeito sinxelo, algo cínico as veces, algo crú outras, de narrar historias. Destácanse algunhas escenas graciosas, como a historia da xabón. As reflexións que aparecen ao longo do libro, tan simples como profundas recordan, segundo unha participante, outro autor tratado no Faladoiro, Saramago.

Finalmente, logo de dúas horas de charla e dun debate que por momentos ofuscou a uns sorprendidos seareiros que, rodeando a mesa onde se desenrolou o faladoiro, seguían á mesma hora e cos ruídos e insultos habituais un, polo visto, importante partido de fútbol, realizouse unha valoración da novela e chegouse á conclusión, de que a novela gustara por: a súa historia; as súas reflexións ; a acertada descrición de situacións, ambientes.... Considerouse que estaba ben escrita. Como acertos destacan a brillante descrición, a sinxeleza da prosa, o carácter visual desta ...